

A AELG celebra a súa xornada de literatura dramática este sábado 18 na Coruña

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/aelg-celebra-sua-xornada-literatura-dramatica-sabado-18-coruna/20231118092507182677.html>

O festival acolle sete proxectos dos cales catro son galegos e tres portugueses.



'O que é o raio, nin maldita idea' peza gañadora do ano pasado.



REDACCIÓN

18/NOV./23

Este sábado 18 de novembro terá lugar a VIII Xornada da Sección de Literatura Dramática. VI Festival Pezas dun [Teatro](#) do Porvir 2023: Galiza + Portugal, que se vai celebrar no Forum Metropolitano da Coruña. Esta actividade, organizada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), conta coa

colaboración do Concello da Coruña, Deputación Provincial da Coruña, CEDRO e Centro Cultural Portuguêes em Vigo do Instituto Camões.

Para dar apoio e fomento de novos proxectos escénicos a través dunha convocatoria e mostra dos mesmos, dentro dunha xornada para compartir, analizar e debater, naceu este festival que exhibe pezas que están en proceso de creación e que buscan abrir e compartir ese proceso creativo con outras persoas, cun público, e con especialistas en artes escénicas. Ao mesmo tempo, tamén se procura tender pontes, dentro do Eixo Atlántico peninsular, coa veciña Portugal.

Esta sexta edición do festival acolle 7 proxectos (4 galegos e 3 portugueses) de Andrea Dunia (*A voar*), Laura López Esteban (*Porvir dun centennial*), Sonsoles Cordón (*Derma*), Renata Flaiban & Grupo de Teatro Comunitário do Campo (*Uma Espécie Em Viagem*), Samuel Merino & [Silvia Penas](#) (*Vida útil da porcelana*), Fabiano Assis da Silva (*A busca*) e Alexandre Sá (*Neste Momento*).

Logo das presentacións no festival, a comisión organizadora premiarán un proxecto coa posibilidade de que sexa estreado. En 2022, o proxecto gañador foi 'O que é o raio, nin maldita idea', da compañía Souvenir.

-

Clase maxistral

Dentro do programa tamén se inclúe unha clase maxistral sobre un tema relevante para a escena, que nesta sexta edición do festival vai ser “A descentralización na programación de artes escénicas en Portugal, o caso do Teatro Diogo Bernardes”, impartida por Luís Miguel Franco da Silva, director do Teatro Diogo Bernardes de Ponte de Lima (Portugal).